


A barcia do Alén, a chaira asociada a este río e na que depositou perante milleiros de anos os materiais que arrincou das serras do Suído e Coto de Eiras, constituíu a base do noutrora puxante desenvolvemento agrogandeiro e económico da parroquia de Barcia de Mera. A explotación agraria sostible destas ricas terras aluviais do val, apoiada na actividade gandeira no monte comunal deu lugar á acumulación dun rico patrimonio etnográfico do que podemos disfrutar ó percorrer o roteiro do Alén, particularmente no tramo comprendido entre a ponte do Alén e Portafurado.

Segundo avanzamos no camiño acumúlanse as infraestruturas de comunicación que salvan o río Alén como a **ponte de San Xoán de Mosteiro** e a **ponte do Alén** así como os muros e pavimentos que delimitan a propia traza do camiño e que permitían comunicar os lugares nos que vivían e traballaban os veciños de Barcia de Mera. A xeralización a partires do século XVII de cultivos foráneos como o millo (*Zea mays*) e a patata (*Solanum tuberosum*) incrementou a produtividade destas xa de por si fecundas terras de fondo de val e a riqueza da parroquia. O esforzo dos habitantes, a renovada riqueza da terra e probablemente un certo peso político e administrativo por mor da **estreita relación co mosteiro de Melón** permitiron erixir verdadeiras xoias do patrimonio arquitectónico rural galego como a **Igrexa de San Martiño de Barcia de Mera**, a **Casa Reitoral**, e a **Casa do Souto ou da Inquisición**.



Paralelamente son mostras da necesidade de transformación da producción agraria co aproveitamento



- A** Muiños de Portafurado
- B** Casa da Santa Inquisición
- C** Conxunto Abacial
- D** Ponte do Val de Alén
- E** Mosteiro de San Xoán
- F** Ponte Medieval
- G** Fonte Santa
- H** Ponte de Madeira



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



CONCELLO  
DE COVELO

# Ruta RÍO ALÉN

CONCELLO DE COVELO

*Un pracer para os sentidos*

# Ruta do RÍO ALÉN

A ruta do río Alén percorre parte do territorio da parroquia de Barcia de Mera tendo como eixo o cauce fluvial e o val de aluvión deste río para aportar as súas augas ó río Tea (ambos forman parte da Rede Natura 2000, a rede europea de espazos naturais protexidos), constituindo no seu conxunto unha das redes fluviais mellor conservadas do sur de Galicia en canto a calidade das súas augas, os seus hábitats de ribeira, e especies animais e vexetais.

O roteiro esta conformado por unha parte circular que arranca e regresa á **capela de San Xoán do Mosteiro** (aprox. 3 km.), e unha parte lineal que conecta este punto cos **muíños de Portafurado** pasando polo **conxunto abacial de San Martiño de Barcia de Mera** (aprox. 3,5 km.). A súa lonxitude total se aproxima ós dez kilómetros.



Tipo de sendeiro en canto o seu interese: Patrimonio histórico/artístico e medioambiental.

Lonxitude total (con inicio e remate nos muíños de Portafurado): 10 Km.

Dificultade: Media.

Información asociada:

1. Microsite do río Tea

([www.concellodecovelo.es/integra/?sec=rio\\_tea](http://www.concellodecovelo.es/integra/?sec=rio_tea))

2. L.I.C. do Río Tea Espazo natural da Rede Natura 2000

([http://www.concellodecovelo.es/integra/docs/inventario\\_bioloxico\\_rio\\_tea.pdf](http://www.concellodecovelo.es/integra/docs/inventario_bioloxico_rio_tea.pdf))

## ROTEIRO: MUÍÑOS DE PORTAFURADO - SAN XOAN DE MOSTEIRO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL BARCIA DE MERA E RÍO ALÉN (REDE NATURA 2000)

A metade noroeste do concello de Covelo caracterízase polos abruptos desniveis creados polo río Alén no seu discurrir entre a Serra do Suído e o Coto de Eiras. Este río que forma parte da Rede Natura 2000, a rede europea de espazos naturais protexidos, drena as caeiras e planaltos destas dúas serras para aportar as súas augas ó río Tea, formando no seu conxunto unha das redes fluviais mellor conservadas do sur de Galicia en canto a calidade das súas augas, os seus hábitats de ribeira, e especies animais e vexetais. **O roteiro do Alén ofrécenos a oportunidade de achegarnos ós valores naturais deste afluente do Tea, de xeito particular no tramo comprendido entre a ponte do Alén e San Xoán de Mosteiro.** Dous hábitats de bosque destacan neste percorrido: o bosque de ribeira de amieiro (*Alnus glutinosa*) e freixa (*Fraxinus angustifolia*), hábitat de conservación prioritaria segundo a normativa comunitaria, e unha nova carballeira termófila dominada polo carballo (*Quercus robur*) e o loureiro (*Laurus nobilis*), que constitúe un dos tipos de bosque más ameazados de Galicia ó ter coincidido a súa área de distribución natural co asentamento dunha densa poboación humana na franxa costeira do país. **Nas especies vexetais a xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*), unha fenta relicta do Terciario (*Woodwardia radicans*) e árbores escasas na provincia de Pontevedra como o lamagueiro (*Ulmus glabra*) aumentan a**



rica biodiversidad destes hábitats de bosque e contribúe na incrementar o seu valor e necesidade de conservación. A fauna da zona, á lóxica presenza de especies do medio acuático como o migrador **ameán ou reo (*Salmo trutta trutta*)** que mesmo posúe un topónimo propio no río Alén: **a "poza dos ameáns", ou a lontra (*Lutra lutra*)**. Engade a posibilidade de desfrutar coa experiencia única de sentir o canto á noiteña do **bufo real (*Bubo bubo*)** nas abruptas e fraguentes penedías **das Costas do Alén**.

